



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 15/2.017

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE ORDES, A CORUÑA, O DIA VINTE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASETE.**

En Ordes, a vinte de abril de dous mil dezasete.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial, reúnese en sesión extraordinaria en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local do Concello de Ordes, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros:

- D<sup>a</sup>. ANA M<sup>a</sup> SONEIRA LIÑARES.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D<sup>a</sup>. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.

Asiste o Sr. Secretario do Concello D. Juan Luis González Iglesias, que da fe do acto.

Aberta a sesión e declarada non pública pola Presidencia ás quince horas previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

### **PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar ós demais membros da Xunta de Goberno Local se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria, celebrada o día 12 de abril do ano en curso, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo elo ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Non producíndose ningunha observación, a acta da sesión extraordinaria, de data 12 de abril de 2.017, foi aprobada por maioría de catro votos a favor, coa abstención da Sra. Soneira Liñares, sendo cinco o número legal de membros desta Xunta de Goberno Local.

### **PUNTO SEGUNDO: XESTIÓN PADRÓN TRIBUTARIO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO.**

Solicitude presentada por C.L.V., con DNI nº 00000000, con domicilio a efectos de notificacións en rúa XXXXX, de modificación da cota tributaria da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, domicilio tributario rúa Pascual Veiga, 9, baixo, Ordes, referencia: 12004422.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Visto o informe de comprobación da clausura e sen actividade do local en domicilio tributario rúa Pascual Veiga, 9, baixo, Ordes.

Visto o establecido no art. 5 (cota tributaria) da ordenanza fiscal da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Proceder á modificación, **con efectos de 01/04/2017**, da cota tributaria da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, en domicilio tributario rúa Pascual Veiga, 9, baixo, Ordes, referencia: 12004422, aplicándose as tarifas vixentes a 01/01/2017, **Epígrafe 16. Baixos desocupados. Importe (recollida urbana)**.

Solicitud presentada por **J.P.N.**, con DNI nº 00000000, con domicilio a efectos de notificacións en XXXXX, de modificación da cota tributaria da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, domicilio tributario rúa da Canteira, 14, baixo, Ordes, referencia: 12005470.

Visto o informe de comprobación da clausura e sen actividade do local en domicilio tributario rúa da Canteira, 14, baixo, Ordes.

Visto o establecido no art. 5 (cota tributaria) da ordenanza fiscal da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Proceder á modificación, **con efectos de 01/04/2017**, da cota tributaria da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, en domicilio tributario rúa da Canteira, 14, baixo, Ordes, referencia: 12005470, aplicándose as tarifas vixentes a 01/01/2017, **Epígrafe 16. Baixos desocupados. Importe (recollida urbana)**.

Solicitud presentada por **A.V.F.**, con DNI nº 00000000, con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Pedreira, 14, Pereira, Ordes, de modificación da cota tributaria da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, domicilio tributario rúa Alfonso Senra, 18, baixo dta., Ordes, referencia: 12001487.

Visto o informe de comprobación da clausura e sen actividade do local en domicilio tributario rúa Alfonso Senra, 18, baixo dta., Ordes.

Visto o establecido no art. 5 (cota tributaria) da ordenanza fiscal da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Proceder á modificación, **con efectos de 01/04/2017**, da cota tributaria da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, en domicilio tributario rúa Alfonso Senra, 18, baixo dta., Ordes, referencia: 12001487, aplicándose as tarifas vixentes a 01/01/2017, **Epígrafe 16. Baixos desocupados. Importe (recollida urbana).**

Solicitude presentada por **S.M.P.**, con DNI nº 00000000, con domicilio a efectos de notificacións en Lg. O Cano, 7, Leira, Ordes, de baixa de **A.M.M.**, con DNI nº 00000000, como suxeito pasivo no padrón tributario da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, domicilio tributario Lg. O Cano, 7, Leira, Ordes, matrícula: 253000438549.

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida e tratamento de lixo e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos, aínda que eventualmente e por vontade do usuario non se faga uso do servizo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 de Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas ou locais situados nos lugares ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario, usufrutuario, arrendatario ou precarista. Cando se trate de servizos prestados previa solicitude será suxeito pasivo o solicitante ou causante da prestación.

Visto o establecido no art. 6 (devengo e período impositivo) da ordenanza fiscal da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.

Visto o informe de comprobación da clausura e sen actividade do local en domicilio tributario Lg. O Cano, 7, Leira, Ordes.

Visto que **A.M.M.**, con DNI nº 00000000, causou baixa por defunción no padrón municipal de habitantes, con data 05/08/2004.

Visto que **N.P.P.**, con DNI nº 00000000, figura como suxeito pasivo no Imposto sobre bens inmobles do inmovible (local de restauración) existente en finca catastral 15060A512020580001BR, en Lg. O Cano, 7, Leira, Ordes.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Proceder á baixa como suxeito pasivo, **con efectos de 01/01/2017**, no padrón tributario da taxa pola prestación servizo de recollida de lixo, domicilio tributario en Lg. O Cano, 7, Leira, Ordes, matrícula: 253000438549, de **A.M.M.**, con DNI nº 00000000.

2.- Proceder á alta como suxeito pasivo, **con efectos de 01/01/2017**, no padrón tributario da taxa pola prestación servizo de recollida de lixo, domicilio tributario en Lg. O Cano, 7, Leira,



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

Ordes, matrícula: 253000438549, **N.P.P.**, con DNI nº 00000000.

3.- Proceder á modificación, **con efectos de 01/04/2017**, da cota tributaria da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, en domicilio tributario en Lg. O Cano, 7, Leira, Ordes, matrícula: 253000438549, aplicándose as tarifas vixentes a 01/01/2017, **Epígrafe 16. Baixos desocupados. Importe (recollida urbana)**.

### **PUNTO TERCEIRO: UTILIZACIÓN DE BENS DE DOMINIO PÚBLICO.**

Solicitude presentada por **Á.N.V.**, con DNI nº 00000000, con domicilio a efectos de notificacións en Lg. O Castro, 15, Parada, Ordes, de autorización de utilización das instalacións do recinto ferroviario da estación da Pontraga en Lg. Estación, Parada, Ordes, para a celebración dunha pulpada o 14/05/2017.

Visto o disposto nos arts. 75.2, 77 e 78 do R.D. 1372/1986, de 13 de xuño.

Vista a finalidade perseguida coa actividade, así como os seus destinatarios.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Autorizar a utilización das instalacións do recinto ferroviario da estación da Pontraga en Lg. Estación, Parada, Ordes, para a celebración dunha pulpada o 14/05/2017, de 12:00 a 22:00 horas, con arranxo ás condicións seguintes:

- A autorización é única e exclusivamente para a finalidade concedida, a realización de calquera outro tipo de actividades requirirá a previa autorización do Concello.
- Non afectará a utilización deste ben municipal para outras actividades nel previstas.
- A autorización supón unha mera tolerancia esencialmente revogable por esta entidade local en calquera momento, sen que exista dereito a indemnización.
- O autorizado asume a responsabilidade do mantemento do ben municipal, así como a indemnización de calquera dano ou desperfecto que se lle ocasione.
- Deberá deixar a zona limpa de restos. Para elo, colocará recipientes na zona onde depositarán os residuos orgánicos separados dos envases e plásticos.
- Non está permitida a instalación de escenarios e estruturas móbiles, que estará suxeita á previa autorización municipal (art. 41.c Lei 9/2013, de 19 de decembro).
- Os niveis de ruído axustaranse ao establecido no art. 4 da Ordenanza municipal sobre protección do medio rural sobre ruídos ou vibracións e o exercicio de actividades sometidas a licenza (BOP nº 146, de data 27/06/01).
- A instalación dun posto desmontable de pulpo deberá reunir os requisitos do art. 19 da Ordenanza reguladora da venda ambulante (BOP nº 8, de data 12/01/2012).

### **PUNTO CUARTO: AUTORIZACIÓN, SE PROCEDE, SUBMINISTRO DE AUGA E SANEAMENTO.**



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Solicitudes de autorización de servizos de auga e saneamento.

Vistos os informes do concesionario do servizo de abastecemento e saneamento de auga.

Visto o disposto nos arts. 8, 13, 14, 22.a, 34 e 40 do Regulamento do Servizo de Abastecemento de Auga e Saneamento de Ordes.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Autorizar o subministro de auga e saneamento ós usuarios e para os usos seguintes:

- E.C.V., con DNI nº 00000000, alta de auga industrial, rúa da Feira, 33, baixo, Ordes.
- Pompas Fúnebres de Ordes, S.L., con CIF nº 00000000, alta de auga industrial, en rúa do Muíño, 26, baixo, Ordes.
- Barbanza Unión Patrimonial, S.L., con CIF nº 00000000, alta de auga doméstica, en rúa Alfonso Senra, 163, 5º D, Ordes.

2º.- Os usuarios do servizo de abastecemento de auga e saneamento veñen obrigados ó cumprimento do establecido nos arts. 5, 38 e 39 do Regulamento do Servizo.

### **PUNTO QUINTO: AUTORIZACIÓNS VENDA AMBULANTE.**

Solicitudes de autorización do exercicio da venda ambulante na Vila de Ordes no mercado periódico que ten lugar todos os mércores do ano nas rúas da Feira, Praza da Feira e rúa do Muíño, período 2.017-2021.

A documentación presentada polos solicitantes axústase o establecido no art. 19 da Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante (BOP nº 192, de data 23/08/05).

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Autorizar o exercicio da venda ambulante, con efectos de 01/01/2.017, na Vila de Ordes no mercado periódico que ten lugar todos os mércores do ano nas rúas da Feira, Praza da Feira e rúa do Muíño, polas persoas seguintes:

Nome	DNI	Novo Posto	Zona	Superficie posto (m <sup>2</sup> )	Produto
------	-----	------------	------	------------------------------------	---------



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

ISABEL FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	00000000	252	Rúa do Muíño	32	Téxtil
-------------------------------	----------	-----	--------------	----	--------

2º.- Autorizar o exercicio da venda ambulante, con efectos de 01/04/2.017, na Vila de Ordes no mercado periódico que ten lugar todos os mércores do ano nas rúas da Feira, Praza da Feira e rúa do Muíño, polas persoas seguintes:

Nome	DNI	Novo Posto	Zona	Superficie posto (m <sup>2</sup> )	Produto
MARIA CARMEN PIÑON PINTOS	00000000	100	Rúa da Feira	24	Flores e prantas
GERMAN FERREIRO GONZALE	00000000	117	Rúa da Feira	20	Froita e verduras
RUFINO SUAREZ GABARRI	00000000	228	Rúa do Muíño	32	Téxtil

3º.- O exercicio da venda ambulante axustarase as normas establecidas na Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no Municipio de Ordes e en particular as seguintes:

- **Período de vixencia:** ata o 31 de decembro de 2.021, entendéndose caducada a partir desa data, sen que sexa precisa a súa notificación. Non é posible a súa prórroga, **debendo solicitarse unha nova autorización antes do 30 de novembro de 2.021.**
- A autorización enténdese concedida con **carácter provisional e en precario**. Podendo ser revocada de forma motivada polo Concello, sen que exista dereito a indemnización.
- A autorización ten carácter **persoal e intransferible**.
- **Non é posible** proceder ó traspaso, cesión ou aluguer do posto polo titular da autorización
- **Horario de instalación:** de 7:00 a 9:00 horas.
- **Horario de funcionamento:** de 9:00 a 14:00 horas.
- **Horario de recollida:** de 14:00 horas a 16:00 horas.
- O estacionamento dos vehículos na rúa será únicamente nas horas de instalación e recollida, durante o tempo necesario para completar as labores de descarga e carga de mercaderías, sen supoñer un obstáculo para a circulación de vehículos
- Únicamente poderán comercializarse os produtos autorizados.
- O posto deberá situarse no lugar, días e horas indicados, ocupando os metros concedidos.
- Entre parcela e parcela deberá quedar un corredor de 0,50 m.
- Non se causarán molestias e incomodidades que perturben a orde pública.
- Os postos deberán manterse ordenados e en perfectas condicións hixiénicas e de seguridade.
- O remate da actividade feiral deberán recollese nun recipiente os refugallos producidos durante a venda, depositándoos nos contadores de recollida de lixo.
- O xénero colocado nos saíntes non deberá sobrepasar a liña de mostrado.
- Deberá expoñerse en lugar visible do posto a Tarxeta acreditativa da autorización.
- O vendedor ambulante debe coñecer e cumprir a normativa xeral de ordenación do comercio, a disciplina do mercado e a protección do consumidor.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

- O incumprimento das condicións anteriores e as establecidas na ordenanza municipal reguladora da venda ambulante poderán dar lugar a revogación da autorización, sen prexuízo da iniciación do correspondente procedemento sancionador.

4º.- Previamente deberán liquidarse polo Sr. Interventor as taxas e dereitos que corresponde satisfacer pola autorización outorgada, das que o ingreso nas arcas municipais será requisito imprescindible para a efectividade da licenza que se concede.

5º.- A autorización deberá ser expedida polo Secretario deste Concello servindo ós interesados como documento acreditativo desta concesión.

### **PUNTO SEXTO: COMUNICACIÓNS PREVIAS, LICENZAS URBANÍSTICAS.**

Solicitud presentada por **MALGA, S.L.**, con CIF nº 00000000, con enderezo a efectos de notificacións en rúa XXXXX, de devolución da fianza constituída como garantía da correcta reposición dos servizos urbanísticos afectados pola execución en solo urbano (solo urbano residencial de edificación entre medianeiras, URME) á execución de obras de apertura de zanja para subministro en BT de enerxía eléctrica a un edificio de seis vivendas en rúa Reconciliación, 3, Ordes, con arranxo á memoria valorada das obras realizada por D. José Luis López Martín, enxeñeiro técnico industrial, cun orzamento de execución material de **euros 6.439,40 (Expdte. 12/2.007)**.

Visto o informe favorable emitido pola técnico municipal.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Cancelar o aval nº **8916-00004**, constituído por importe de **2.000,00 €**, como garantía da correcta reposición dos servizos urbanísticos afectados pola execución en solo urbano (solo urbano residencial de edificación entre medianeiras, URME) á execución de obras de apertura de zanja para subministro en BT de enerxía eléctrica a un edificio de seis vivendas en rúa Reconciliación, 3, Ordes, con arranxo á memoria valorada das obras realizada por D. José Luis López Martín, enxeñeiro técnico industrial, cun orzamento de execución material de **euros 6.439,40 (Expdte. 12/2.007)**.

Expediente promovido a instancia de **S.V.M.**, con DNI nº 00000000 e **M.V.C.**, con DNI nº 00000000, con domicilio a efectos de notificacións en XXXXX, solicitando a concesión de licenza de primeira ocupación parcial en solo de núcleo rural (solo non urbanizable de núcleo rural, área 2 NN2), de construción dunha vivenda unifamiliar illada (S+B), en Lg. Uzás, Buscás, Ordes (finca catastral 15060A50400580000LO), con arranxo ao proxecto básico e de execución realizado polo director das obras D. Manuel A. Echeverría Ulargui, arquitecto, cun orzamento de execución material de **euros 176.700,00 (Expdte. 1/2.011 – SIGEM 2.011/008/000001 - SIGEM 2.017/U007/000001)**.





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

Vista a certificación da dirección da obra, de data 09/09/2016, expedida por Manuel Ángel Echeverría Ulargui, arquitecto e Jaime Casais Pequeño, arquitecto técnico.

Visto o informe favorable emitido polo técnico municipal pola conformidade das obras co proxecto técnico que serviu para a concesión da licenza.

Visto o informe de Secretaría.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

I.- Conceder licenza de primeira ocupación parcial en solo de núcleo rural (solo non urbanizable de núcleo rural, área 2 NN2), de construción dunha vivenda unifamiliar illada (S+B), en Lg. Uzás, Buscás, Ordes (finca catastral 15060A504005800000LO), con arranxo ao proxecto básico e de execución realizado polo director das obras D. Manuel A. Echeverría Ulargui, arquitecto, cun orzamento de execución material de **euros 176.700,00 (Expdte. 1/2.011 – SIGEM 2.011/008/000001 - SIGEM 2.017/U007/000001)**.

II.- Previamente deberán liquidarse polo Sr. Interventor as taxas e dereitos que corresponde satisfacer pola licenza outorgada, dos que o ingreso nas arcas municipais será requisito imprescindible para a efectividade da licenza que se concede.

IV.- Notifíquese o presente acordo aos interesados, así como os recursos que poidan interpoñer contra este.

Escrito presentado por **M.C.F.**, con DNI nº 00000000, con enderezo a efectos de notificacións en Lg. Castro, 2, Parada, Ordes, comunicando a transmisión da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 06/10/2011, en solo urbano, de apertura de actividade comercial: **“TENDA DE MODA INFANTIL”**, en rúa Recreo, 14, baixo, Ordes (**Expdte. 132/2.011 – SIGEM 2.011/U024/000019 – SIGEM 2.017/U020/000013**).

Visto o disposto no art. 13 do Decreto de data 17/06/1.955.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

I.- Ter por transmitida a **E.M.C.B.**, con DNI nº 00000000, a licenza concedida acordo da Xunta de Goberno Local, de data 06/10/2011, en solo urbano, de apertura de actividade comercial: **“TENDA DE MODA INFANTIL”**, en rúa Recreo, 14, baixo, Ordes (**Expdte. 132/2.011 – SIGEM 2.011/U024/000019 – SIGEM 2.017/U020/000013**), quedando o novo titular subrogado nos dereitos, obrigas e responsabilidades do anterior titular, coa excepción das responsabilidades de orden sancionador.





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

II.- A nova licenza deberá ser expedida polo Secretario deste Concello servindo á interesada como documento acreditativo da transmisión.

III.- Notificar este acordo aos interesados, así como os recursos que contra este poidan interpoñer.

Expediente instruído a instancia de **R.L.N.**, con DNI nº 00000000, con enderezo a efectos de notificacións en Lg. Castenda, 37, Tordoia, de comunicación previa de inicio en solo urbano (solo urbano residencial de edificación entre medianeiras, URME), de apertura de actividade comercial: **“TENDA DE ROUPA”**, en rúa do Mercado, 12, baixo C, Ordes (finca catastral 8397301NH4689N0001GW), segundo proxecto técnico de actividade asinado por José M. Mirás García, arquitecto técnico (**Expdte. 37/2.017 – SIGEM 2.017/U019/000003**).

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

I.- A actividade comercial: **“TENDA DE ROUPA”**, cumpre os requisitos para o seu inicio.

II.- Notifíquese o presente acordo á interesada, así como os recursos que poidan interpoñer contra este.

Expediente instruído a instancia de **M.R.L.**, con DNI nº 00000000, con enderezo a efectos de notificacións en XXXXX, de comunicación previa de inicio en solo rústico de protección ordinaria (solo non urbanizable común, NU), de obras de **construción de cerramento de lindeiro posterior de parcela (32,49 ml)**, en Lg. Casal, Ordes (finca catastral 7700702NH4679N0000SB), segundo memoria valorada das obras realizada por Manuel A. Echeverría Ulargui, arquitecto, cun orzamento de execución material de **euros 900,00 (Expdte. 93/2.017 – SIGEM 2.017/U026/000034)**.

Visto o informe favorable emitido polo técnico municipal de verificación da comunicación previa e da adecuación das obras á lexislación urbanística aplicable.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal de membros da mesma, adoptou o seguinte acordo:

I.- O acto de uso do solo: **construción de cerramento de lindeiro posterior de parcela (32,49 ml)**, adecúase ao ordenamento urbanístico vixente aplicable, podendo iniciarse as obras.

Parámetros urbanísticos:

- Separación de columnas fronte: >2,00 m.
- Altura total lindeiros: 2,20 m.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

- Altura basamento macizo lindeiros: 0,60 m.

Condições urbanísticas:

- O prazo para o inicio e final das obras non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente. Os prazos indicados poderán prorrogase pola metade do prazo establecido anteriormente se o interesado o comunica antes de ter transcorrido os referidos prazos.
- Transcorridos os prazos indicados anteriormente para iniciar ou finalizar as obras, sen que teñan sido iniciadas ou finalizadas, o interesado queda inhabilitado para empezalas o continuálas, quedando a comunicación previa sen efecto.
- Ao pe das obras deberá figurar copia selada da comunicación previa

II.- Previamente deberán liquidarse polo Sr. Interventor o ICIO que corresponde satisfacer polo acto do uso do solo comunicado.

III.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, así como os recursos que poidan interpoñer contra este.

Expediente instruído a instancia de **J.S.G.**, con DNI nº 00000000, con enderezo a efectos de notificacións en XXXXX, de comunicación previa de inicio en solo urbano (solo urbano residencial de vivenda familiar en edificación extensiva, URFI), de obras de **conservación: substitución de fiestras na parte posterior do terceiro andar dun edificio de vivendas (B+4+BC)**, en rúa Alfonso Senra, 111, 3º, Ordes (finca catastral 83966632NH4689S0005JY), cun orzamento de execución material de **euros 1.345,00 (Expdte. 103/2.017 – SIGEM 2.017/U026/000038)**.

Visto o informe favorable emitido polo técnico municipal de verificación da comunicación previa e da adecuación das obras á lexislación urbanística aplicable.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal de membros da mesma, adoptou o seguinte acordo:

I.- O acto de uso do solo: **obras de conservación: substitución de fiestras na parte posterior do terceiro andar dun edificio de vivendas (B+4+BC)**, adecúase ao ordenamento urbanístico vixente aplicable, podendo iniciarse as obras.

Condições urbanísticas:

- O prazo para o inicio e final das obras non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente. Os prazos indicados poderán prorrogase pola metade do prazo establecido anteriormente se o interesado o comunica antes de ter transcorrido os referidos prazos.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

- Transcorridos os prazos indicados anteriormente para iniciar ou finalizar as obras, sen que teñan sido iniciadas ou finalizadas, o interesado queda inhabilitado para empezalas o continúalas, quedando a comunicación previa sen efecto.
- Ao pe das obras deberá figurar copia selada da comunicación previa

II.- Previamente deberán liquidarse polo Sr. Interventor o ICIO que corresponde satisfacer polo acto do uso do solo comunicado.

III.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, así como os recursos que poidan interpoñer contra este.

Expediente instruído a instancia de **J.R.V.G.**, con DNI nº 00000000, con enderezo a efectos de notificacións en XXXXX, de comunicación previa de inicio en solo urbano (solo urbano residencial de edificación entre medianeiras, URME), de obras de **conservación: reposición da cuberta dunha vivenda unifamiliar existente (B+1)**, en rúa Reverencia, 39, Ordes (finca catastral 7794510NH4879N0001JI), segundo memoria valorada das obras realizada por Arturo M. Para García, arquitecto técnico, cun orzamento de execución material de **euros 2.995,20 (Expdte. 104/2.017 – SIGEM 2.017/U026/000039)**.

Visto o informe favorable emitido polo técnico municipal de verificación da comunicación previa e da adecuación das obras á lexislación urbanística aplicable.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal de membros da mesma, adoptou o seguinte acordo:

I.- O acto de uso do solo: **obras de conservación: reposición da cuberta dunha vivenda unifamiliar existente (B+1)**, adecúase ao ordenamento urbanístico vixente aplicable, podendo iniciarse as obras.

Condicións urbanísticas:

- O prazo para o inicio e final das obras non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente. Os prazos indicados poderán prorrogarse pola metade do prazo establecido anteriormente se o interesado o comunica antes de ter transcorrido os referidos prazos.
- Transcorridos os prazos indicados anteriormente para iniciar ou finalizar as obras, sen que teñan sido iniciadas ou finalizadas, o interesado queda inhabilitado para empezalas o continúalas, quedando a comunicación previa sen efecto.
- Ao pe das obras deberá figurar copia selada da comunicación previa

II.- Previamente deberán liquidarse polo Sr. Interventor o ICIO que corresponde satisfacer polo acto do uso do solo comunicado.

III.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, así como os recursos que poidan interpoñer contra este.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

Expediente instruído a instancia de **J.M.L.M.**, con DNI nº 00000000, con enderezo a efectos de notificacións en XXXXX, de comunicación previa de inicio en solo urbano (solo urbano residencial de vivenda familiar en edificación extensiva, URFI), de obras de **conservación: reposición da cuberta dunha vivenda unifamiliar illada existente (B+1)**, en rúa Manuel Murguía, 15, Ordes (finca catastral 8890913NH4689S0001XP), segundo memoria valorada das obras realizada por Arturo M. Para García, arquitecto técnico, cun orzamento de execución material de **euros 5.325,00 (Expdte. 105/2.017 – SIGEM 2.017/U026/000040)**.

Visto o informe favorable emitido polo técnico municipal de verificación da comunicación previa e da adecuación das obras á lexislación urbanística aplicable.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal de membros da mesma, adoptou o seguinte acordo:

I.- O acto de uso do solo: **obras de conservación. Reposición da cuberta dunha vivenda unifamiliar illada existente (B+1)**, adecúase ao ordenamento urbanístico vixente aplicable, podendo iniciarse as obras.

Condições urbanísticas:

- O prazo para o inicio e final das obras non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente. Os prazos indicados poderán prorrogase pola metade do prazo establecido anteriormente se o interesado o comunica antes de ter transcorrido os referidos prazos.
- Transcorridos os prazos indicados anteriormente para iniciar ou finalizar as obras, sen que teñan sido iniciadas ou finalizadas, o interesado queda inhabilitado para empezalas o continuálas, quedando a comunicación previa sen efecto.
- Ao pe das obras deberá figurar copia selada da comunicación previa

II.- Previamente deberán liquidarse polo Sr. Interventor o ICIO que corresponde satisfacer polo acto do uso do solo comunicado.

III.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, así como os recursos que poidan interpoñer contra este.

**PUNTO SÉTIMO: EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO, DAS OBRAS “MELLORA FOSA SÉPTICA ESTACIÓN DE FOSADO E OUTRAS”, CORRESPONDENTES A 1ª FASE, PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016.**

Celebrada a licitación para a adxudicación, por procedemento negociado, sen publicidade, das obras **MELLORA FOSA SÉPTICA ESTACIÓN DE FOSADO E OUTRAS”, CORRESPONDENTES A 1ª FASE, PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016.**



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

Visto a orde de clasificación das ofertas e proposta de adxudicación.

LICITADOR	A) Programa de traballo	B) Actuación ambiental	C) Plan de control de calidade	D) Esquema do Plan de Seguridade e Saúde	E.1) Porcentaxe de control interno de calidade	E.2) Porcentaxe de control externo de calidade	F) Redución do prazo de execución	G) Oferta económica	TOTAL
ESPINA Y DELFÍN, S.L.	25,00	21,00	9,00	10,00	0,53	9,00	10,00	5,20	89,73
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	20,00	21,00	7,00	10,00	0,67	9,00	10,00	0,52	78,19
GESTAL Y LOPEZ, S.L.	20,00	21,00	7,00	10,00	1,00	9,00	8,00	1,82	77,82
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	15,00	10,00	7,00	10,00	0,33	9,00	4,50	2,99	58,82

Visto que a persoa licitadora que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa presentou a documentación indicada na cláusula 16ª.2 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto o disposto na cláusula 16ª.4 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Adxudicar o contrato das obras **MELLORA FOSA SÉPTICA ESTACIÓN DE FOSADO E OUTRAS”, CORRESPONDENTES A 1ª FASE, PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016**, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa atendendo aos criterios de adxudicación fixados na cláusula 15ª.2 do prego de cláusulas administrativas particulares:

Adxudicatario	Prezo do contrato
ESPINA Y DELFIN, S.L., CIF nº B15026693	23.732,11 € [19.613,31 € (prezo) + 4.118,80 (ive)]

2º.- Notificar ao adxudicatario o presente acordo, e a súa vez, requirirille para que no prazo de quince días seguintes ó da notificación concorra a formalizar o contrato en documento administrativo.

3º.- Nomear como técnico director das obras a D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, c. e p.

### **PUNTO OITAVO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, CERTIFICACIÓN DE OBRAS.**

Dada conta polo Sr. Alcalde da presentación polo contratista adxudicatario das obras ó obxecto da súa aprobación por este Concello, da certificación nº 2 das obras



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

“BEIRARRÚAS NA SALGUEIRA DO MEDIO (ARDEMIL)”, expedida polo director das obras D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, c. e p.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar a certificación nº 2 das obras “BEIRARRÚAS NA SALGUEIRA DO MEDIO (ARDEMIL)”, expedida polo director das obras D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, c. e p, por importe de **EUROS CINCUENTA E SEIS MIL OITOCENTOS CORENTA E CINCO CON CINCUENTA E OITO (56.845,58)**.

2º.- Aprobar a factura nº E2017-/12, de data 12/04/2017, expedida por **EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.**, con CIF nº B70093539, en concepto de certificación nº 2 das obras “BEIRARRÚAS NA SALGUEIRA DO MEDIO (ARDEMIL)”, expedida polo director das obras D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, c. e p, por importe de **EUROS CINCUENTA E SEIS MIL OITOCENTOS CORENTA E CINCO CON CINCUENTA E OITO (56.845,58)**.

### PUNTO NOVENO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, FACTURAS.

Polo Sr. Alcalde dáse conta da relación de facturas e pagos seguintes:

Nome	Terceiro	Nº de Documento	Data Dto.	Texto Explicativo	Importe Total
ELECTRICIDAD MARCIAL, S.L.		26	14/03/2017	ACOMETIDA PARA BOMBEO EN MAMOAS ARDEMIL	1.448,85
MARIA CONCEPCION BERDOMAS GARCIA		22	31/03/2017	SERVIZOS VETERINARIOS XANEIRO A MARZO-2017	2.910,05
COUSELO HERMANOS, S.C.		2017/19	28/03/2017	RECOLOCACION E LIMPEZA DE CANALONS LOCAL SOCIAL DE POULO	364,69
HERMINIA PALMEIRO REY		17 5	30/03/2017	SERVIZO LIMPEZA ESCOLA DE MUSICA, MARZO-2017	418,66
HERMINIA PALMEIRO REY		17 6	30/03/2017	SERVIZO LIMPEZA COCIÑA	265,60
XOSE RIVERA GOMEZ		8	29/03/2017	REPORTAXE AUDIOVISUAL ENTROIDO E LACON CON GRELOS	677,60
ALMACENES HERMANOS PAMPIN		20170838	31/03/2017	SUBMINSTRO MATERIAL DE FERRAXERIA	345,82
ANTONIO CONCHEIRO COELLO		5	03/04/2017	ANALISE DA PISCINA CLIMATIZADA	108,90
LINDEIROS, S.C.		0020 17	03/04/2017	BANNER EN WEB E DIFUSIÓN EN REDES SOCIALES	296,45
MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L.		S-2017- 085	31/03/2017	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PATINAXE, XOGAR EN	922,68



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

				INGLES, ZUMBA, MARZO-2017	
OSCAR PRIETO SANMARTIN		617 13	31/03/2017	CLASES ESCOLA DE MUSICA ORDES	912,00
SERGIO PENEDO GAGO		417 3	31/03/2017	CLASES ESCOLA DE MUSICA ORDES	738,00
JAVIER PENIDO FERREIRO		517 3	31/03/2017	CLASES ESCOLA DE MUSICA ORDES	630,00
JAVIER FERREIRO SANJURJO		Factura Nº 11	31/03/2017	PRESTACION DE ACTIVIDADES SOCIO DEPORTIVAS E DE XIMNASIA DE MANTENEMENTO PARA MAIORES, MARZO-2017	1.609,30
JAVIER FERREIRO SANJURJO		Factura Nº 12	31/03/2017	PRESTACION DE ACTIVIDADES HIPOPRESIVOS	139,15
JAVIER FERREIRO SANJURJO		Factura Nº 13	31/03/2017	PRESTACION DE ACTIVIDADES AEROSTEP PISCINA, MARZO-2017	194,81
EMERGALIA, S.L.U.		17 1026	29/03/2017	SUBMINISTRO BOTIQUINS	125,57
CALEFACCIONES PAZOS, S.L.		31	30/03/2017	CANALONS CAMPO DE FUTBOL E MARQUESINA EN POULO	791,39
AGROVISANTOÑA, S.L.		17FV 501	31/03/2017	ARION ESSENTIAL COMPLET	322,74
REDES DE TELECOMUNICACION GALEGAS, S.A. (RETEGAL)		239	31/03/2017	ADHESION A REDE RESGAL E XESTION E MANTEMENTO DE 2 TERMINAIS CEDIDOS POLA XUNTA	194,06
PROMAXSA, PROTECCION DE MADERAS, S.L.		DDD17052 3	28/03/2017	CONTROL DE PLAGAS, MARZO-2017	439,23
CASA CALVO, S.L.		170193	31/03/2017	SUBMINISTRO MATERIAL DE FERRAXERIA	996,14
CASA CALVO, S.L.		170226	31/03/2017	SUBMINISTRO MATERIAL DE FERRAXERIA	45,64
ARRENDAMIENTOS GALAICOS, S.L.		1197	31/03/2017	SUBMINISTRO DE GASOLEO	1.040,65
LOBATO CORBELLE, S.L.		F7-265	31/03/2017	SUBMINISTRO DE CARBURANTES, MARZO-2017	1.059,27
COUSELO RAÑA, S.L.		M1 000162	31/03/2017	SUBMINISTRO MATERIAL DE FONTANERIA	820,41
ARIDOS DE REBOIRA, S.A.		61	31/03/2017	SUBMINISTRO ARIDOS, MARZO-2017	836,61
SERVICIOS, OBRAS LIMPIEZAS, S.A.		E-170069	31/03/2017	SERVIZO RECOLLIDA E TTE DE RSU, ASIMILABLES E LIMPEZA VIARIA	48.253,68
(FESAN) FUNDACION DE ESTUDIOS E ANALISES		C00 259	31/03/2017	SERVIZO XESTION ESCOLA INFANTIL, MARZO-2017	10.995,01
SOIL RECOVERY, S.L.		PL-17- 0061	31/03/2017	SERVIZO XESTION PUNTO LIMPO, MARZO-2017	2.716,87
ESTUDIO TECNICO		17 117	31/03/2017	SERVIZO DE ASITENCIA	6.269,05





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

GALLEGO, S.A.				TECNICO-URBANISTICA, MARZO-2017	
EDUCORDES, S.C.		EDUCORD ES00034	31/03/2017	CLASES EDUCACION DE ADULTOS, MARZO-2017	750,00
LAURA GARCIA OTERO		40	31/03/2017	CLASES DE DEBUXO E PINTURA, MARZO-2017	2.052,16
LAURA GARCIA OTERO		39	28/02/2017	CLASES DE DEBUXO E PINTURA, FEBREIRO-2017	1.723,04
JOSE M. ROIBAS VAZQUEZ		5	03/04/2017	SERVIZO ASISTENCIA XURIDICA, DECEMBRO A MARZO-2017	10.285,00
S.D. CLUB ORDENES		4	01/04/2017	ESCOLAS DEPORTIVAS, MARZO-2017	1.875,00
JOGAFAN ORDES, F.S.		002/2017	10/04/2017	ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS FUTBOL SALA, MARZO-2017	444,44
A.C. ORDENES		07 2017	04/04/2017	ESCOLAS DEPORTIVAS HOCKEI, MARZO-2017	1.500,00
SERVICIOS, OBRAS Y LIMPIEZAS, S.A.		E-170078	31/03/2017	SERVIZO DE LIMPIEZA LOCAL TERCEIRA IDADE RÚA RECONCILIACION.	257,44
SERVICIOS, OBRAS Y LIMPIEZAS, S.A.		E-170079	31/03/2017	SERVIZO DE LIMPEZA OFICINA POLICIA LOCAL BAIXOS EDIFICIO CONCELLO.	257,44
SERVICIOS, OBRAS Y LIMPIEZAS, S.A.		E-170070	31/03/2017	TRATAMIENTO DE VOLUMINOSOS.	328,33
SERVICIOS, OBRAS Y LIMPIEZAS, S.A.		E-170075	31/03/2017	SERVIZO DE LIMPEZA DE CAMPO DE FUTBOL DE ORDES	940,19
ROFAYA, S.L.		17 22	10/04/2017	SERVIZO MANTEMENTO ALUMEADO PÚBLICO ORDES, 08/03 A 07/04 2017	4.537,50
TALLERES HNOS. PALMEIRO, S.L.		A/152551	31/03/2017	REPARACION VEHICULOS 6025CNH, LU3232S	367,90

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, aprobou a relación de facturas presentadas, ordenándose o seu pago pola Tesourería municipal.

### **PUNTO DÉCIMO: ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, CONTRATO MENOR.**

Expediente de contrato menor de servizos: Programa Rede Cultural 2017.

Visto o disposto nos arts. 10 e 138.3 do R.D. Lei 3/2.011, de 14 de novembro (TRLCSF).

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Adxudicar o contrato menor de servizos “Programa Rede Cultural 2017”, con cargo á



**CONCELLO DE ORDES**  
**(A CORUÑA)**

**FOLLA Nº 17**

partida **334.227.06** do orzamento municipal, a:

<b>EMPRESA</b>	<b>CIF/DNI</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
ASOCIACION CULTURAL CHARANGA RUADA.COM		SERVIZO ACTUACION FESTA DO CHAMPIÑON 30/04/2017	580,00 €

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo as quince horas e trinta minutos do día ó principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta da que como Secretario certifico.

**O ALCALDE-PRESIDENTE**

**O SECRETARIO**